




Concello da Coruña

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E18I00H1	
Código de verificación  4L51 4V0S 5K6I 1D6I 1CO3	Expediente 36E/2024/17	
	Fecha 03-09-2024	

Expediente M4/2024 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos, modificación do anexo de Investimentos, modificación do anexo de subvencións nominativas e recoñecemento extraxudicial de obrigas do orzamento de 2024

MEMORIA DE ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao pleno da corporación municipal o presente expediente que ten por finalidade a modificación do orzamento de 2024, para conceder créditos extraordinarios, suplementos de crédito e baixas por anulación de créditos necesarios que no se poden demorar e para os cales no existe crédito no orzamento vixente.

É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

Na actualidade, a Lei reguladora de bases de réxime local, o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (LRFL) e o Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da LRFL, establecen a normativa á que se deberán axustar as Corporacións Locais nos expedientes de concesión de créditos extraordinarios.

II.- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito están destinados ao cumprimento de obrigas legais, así como outras actuacións de interese público que non admiten demora no tempo.



Concello da Coruña

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito de este modificativo están destinados a:

- Suplemento de crédito de 1.631.520,16 € para cubrir o pagamento da subvención ao transporte colectivo de viaxeiros, durante este exercicio orzamentario.
- Suplemento de crédito de 320.000,00 € para promover novos convenios nominativo coa Asociación de Clubes de Traineras para a organización da proba masculina e feminina Eusko Label Liga Bandeira da Coruña 2024, co Club Basquet Coruña para contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da súa participación na Liga ACB de baloncesto, e coa Asociación Pro -Enfermos Mentales de A Coruña (APEM) para o proxecto de inserción sociolaboral de persoas con enfermidades mentais "Os cabaliños dos xardíns"
- Crédito extraordinario de 70.000,00 € para financiar o pagamento de parte das subvencións do exercicio 2023 do Programa Mover os Baixos.
- Crédito extraordinario de 2.103.698,18 €, coa finalidade de financiar a débeda con provedores do exercicio 2023 para unha vez aprobado o recoñecemento de obrigas por o Pleno poder atender o pagamento.

III.- O financiamento dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito prodúcese, en parte, co cargo as baixas de crédito por importe de 3.953.153,07€ nas distintas aplicacións orzamentarias que se estiman reducibles polos responsable das áreas. En concreto as citadas baixas son:

- 737.153,07 € da partida 20.011.31000 Intereses, como consecuencia dunha previsión máis conservadora en relación á evolución do tipo de interese durante os tres primeiros trimestres.
- 91.000,00 € da partida 20.011.91300 amortización préstamo M-L prazo entes fose sector público, como consecuencia entre a previsión e execución no capítulo 9 de gasto correspondente aos 4 trimestres do exercicio, tendo en conta que as cotas de amortización son fixas e constantes..
- 2.000.000,00 € da partida 41 1539 21000 reparacións de vías, como consecuencia dun reaxuste de anualidades na licitación do novo contrato de reforzo do servizo, cubrindo a prórroga do actual.
- 145.000,00 € da partida 50 334 63200 investimento de reposición en edificios e outras construcións, xa que non se pode acometer neste momento a ampliación de aforo Coliseum.
- 90.000,00 € da partida 50 336 62700 proxectos complexos, como consecuencia dun reaxuste na planificación das actuacións no Castro de Elviña e outros
- 50.000,00 € da partida 50 336 63200 investimento de reposición edificios e outras construcións ao non poderse acometer neste exercicio as actuacións na instalación eléctrica e de fontanería do Castelo de San Antón, pavimentación entrada Museo etc.



Concello da Coruña

- 600.000€ da partida 51.231.48002 renda social municipal, xa que en base á previsión non será necesarios dispoñer destes fondos para afrontar vos gastos imputables a esta anualidade 2024.
- 155.000,00 € da partida 52 342 62700 proxectos complexos (proxecto Xuxán e Fábrica de Armas. Plurianual) como consecuencia dun reaxuste na planificación das actuacións.
- 10.000,00 € da partida 52.342 .62500 investimento novo mobiliario e aveños, xa que resultan excesos unha vez valorada unha suficiencia no crédito dispoñible para a atención das necesidades previstas polo servizo no exercicio 2024.
- 10.000,00 € da partida 52.342 .62503 investimento novo material deportivo, xa que resultan excesos unha vez valorada unha suficiencia no crédito dispoñible para a atención das necesidades previstas polo servizo no exercicio 2024.
- 15.000,00€ da partida 52.342 .63300 investimento reposición maquinaria, instalacións e ferramentas, xa que resultan excesos unha vez valorada unha suficiencia no crédito dispoñible para a atención das necesidades previstas polo servizo no exercicio 2024.
- 50.000,00 € da partida 61 4312 62300 investimento novo maquinaria, instalacións e ferramentas xa que resultan excesos xa que se obtivo unha subvención para executar o investimento planificado.

Outros recursos para o financiamento deste expediente consisten en 172.065,27€ do remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación de 2023, que serven para financiar parte dos recoñecementos extraxudiciais de obrigas.

IV.- Nas listaxes que acompañan as propostas, aparecen as finalidades específicas das modificacións que se propoñen, todas elas de marcado interese público as que se debe dar unha resposta áxil e coa maior eficacia posible.

V.- No expediente consta a xustificacións das propostas efectuadas polos servizos xestores para a tramitación deste expediente M4/2024, así como o informe proposta do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos

VI.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2024 (M4/2024), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente resúmese a continuación:



Concello da Coruña

INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS

I	CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	2.173.698,18
II	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	1.951.520,16
TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE GASTOS		4.125.218,34

MINORACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

I	BAIXAS DE CRÉDITO	-3.953.153,07
TOTAL MINORACIÓNS		-3.953.153,07

INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS

I	RLTGX	172.065,27
TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE INGRESOS		172.065,27

VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS	172.065,27
VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS:	172.065,27

DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE GASTO

CAPÍTULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	
II	Gastos correntes en bens e servizos	103.698,18
III	Gastos financeiros	-737.153,07
IV	Transferencias correntes	1.421.520,16
V	Fondo de Continxencia e outros	
OPERACIÓNS CORRENTES		788.065,27
CAPÍTULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	-525.000,00
VII	Transferencias de capital	
VIII	Activos financeiros	
IX	Pasivos financeiros	-91.000,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		-616.000,00
TOTAL		172.065,27

Trámtese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.



Concello da Coruña

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

A Alcaldesa,

EXPEDIENTE M4/2024 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, BAIXAS DE CRÉDITO, E MODIFICACIÓN DE RELACIÓN DE INCREMENTOS E ANEXO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO 2024.

Remítase para informe desta Intervención Xeral, o expediente M4/2024 de suplementos de crédito, de créditos extraordinarios, baixas de crédito e modificación de relación de incrementos e anexo de subvencions nominativas, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe proposta da Oficina Orzamentaria que se achega ao expediente 36E/2024/17.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2024 constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada “Dos créditos e as súas modificacións”, artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2022, prorrogado ao 2023, establece o carácter preceptivo, aínda que non vinculante, do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

INFORME.

I.- Antecedentes, exame orzamentario e de estabilidade.

O expediente que agora se somete á Corporación en Pleno supón seis créditos extraordinarios por importe de 2.173.698,18 €, tres suplementos de crédito por importe de 1.951.520,16 € e doce baixas por anulación por importe de -3.953.153,07 €.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos créditos extraordinarios e suplemento equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

I.- ALTAS. (€)

Suplementos de crédito	1.951.520,16
Créditos extraordinarios	2.173.698,18
Total altas	4.125.218,34

II.- FINANCIAMENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO.

Baixas de crédito	3.953.153,07
Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais	172.065,27
Total financiamento	4.125.218,34

Por tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

As baixas de crédito está informadas polos servizos no sentido de que non son necesarios e poden dispoñerse para outros fins.

O artigo 177 da Lei de Facendas Locais é o que regula o réxime das modificacións de créditos extraordinarios e suplemento de créditos. Polo anterior, en relación cos suplementos de crédito e créditos extraordinarios, no expediente dáse tamén cumprimento formal ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte: *“El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone. Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos y mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles 3 sin perturbación del respectivo servicio. “*

En termos de estabilidade orzamentaria, a nivel de créditos definitivos e previsións definitivas, está a financiarse un gasto non financeiro cun ingreso financeiro como é o Remanente Líquido de Tesourería, que en termos absolutos, teóricos e individuais implica inestabilidade orzamentaria. Pero como as regras fiscais están suspendidas aínda no caso de que se producirá un déficit en términos de estabilidade orzamentaria non habería de aprobarse un Plan Económico Financiero. A suspensión das regras fiscais tamén permite o uso indiscriminado do Remanente Líquido de Tesourería.

O anterior parágrafo referido á estabilidade orzamentaria infórmase ós efectos de dar cumprimento ao artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, no caso de que se puidese entender vixente (xa que a Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria é posterior e non o esixe) a obriga a emisión do informe da Intervención a estabilidade orzamentaria das modificacións orzamentarias.

II.- Exame do expediente.

Supleméntanse con 1,6 millóns de €, para incrementar a partida con cargo a cal se abona a subvención ao transporte colectivo de viaxeiros, gasto que se veu moi incrementado nos últimos exercicios debido ao incremento das subvención aos viaxeiros e consecuentemente o incremento no número de viaxeiros. Cuestión xa advertida pola Intervención nos distintos expedientes de aumento da subvención ao viaxeiro. Estimase que este suplemento é insuficiente parar asumir a totalidade do gasto do 2024.

Suplemento de 320.000€ para promover novos convenios nominativo coa Asociación de Clubes de Traineras para a organización da proba masculina e feminina Eusko Label Liga Bandeira da Coruña 2024, co Club Basquet Coruña para contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da súa participación na Liga ACB de baloncesto, e coa Asociación Pro -Enfermos Mentales de A Coruña (APEM) para o proxecto de inserción sociolaboral de persoas con enfermidades mentais "Os cabaliños dos xardíns"

Crédito extraordinario de 70.000,00 € para financiar o pagamento de parte das subvencións do exercicio 2023 do Programa Mover os Baixos

Crédito extraordinario de 2.103.698,18 €, coa finalidade de financiar a débeda con provedores do exercicio 2023 para unha vez aprobado o recoñecemento de obrigas por o Pleno poder atender o pagamento. Os recoñecementos de crédito son obxecto dun informe independente.

Aparecen relacionados no expediente as baixas de crédito que se propoñen para o financiamento dos suplementos e créditos extraordinarios cos correspondentes informes xustificativos de ditas baixas.

Utilízase tamén Remanente de Tesourería para gastos xerais por importe de 172.065,27. Consta informe de Contabilidade acreditativo dos saldos dispoñibilidades do Remanente de Tesourería.

Como xa dixemos en anteriores informes, o cumprimento xa verificado do expediente das modificacións orzamentarias agora propostas coas esixencias da Lei de Facendas Locais non prexulgan nin condicionan o sentido da fiscalización previa no momento da realización e execución do gasto.


III.- Aprobación do expediente pola Corporación.

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento. Con todo, a teor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL ACCIDENTAL. (O Xefe de Servizo de Intervención)



Área / Unidad TESORERIA GENERAL TG4000 SAS/DZP	Documento 37018I00GP
Código de verificación  2503 2368 4D11 6861 0K0Y	Expediente 370/2024/29
	Fecha 01-03-2024

ALCALDÍA – PRESIDENCIA

Exercicio 2023

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DECRETO DA ALCALDIA

De conformidade co artigo 191.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e preceptos que a desenrolan, corresponde á Alcaldía a aprobación da liquidación do orzamento.

Efectuado o peche e liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2023 pola Tesourería Xeral, centro directivo da contabilidade de conformidade co artigo 137 do Regulamento Orgánico Municipal, e visto o informe da Tesourería Xeral de data 27 de febreiro de 2024.

RESOLVO

1.- Aprobar o Estado de Liquidación do Orzamento do exercicio 2023 co seguinte:

RESUMO

1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE.

LIQUIDACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS

ESTADO DE GASTOS		CREDITO INICIAL	MODIFICACIONES	CREDITOS DEFINITIVOS	GASTO COMPROMETIDO	OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS	PAGOS LIQUIDOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	REMANENTE DE CREDITO
CAPITULO 1	GASTOS DE PERSOAL	70.445.291,69	3.443.995,65	73.889.287,34	73.110.591,05	73.109.408,14	73.067.582,20	41.825,94	779.879,20
CAPITULO 2	GASTOS BS E SERV CORRENTES	128.720.260,83	7.990.170,79	136.710.431,62	131.163.298,56	128.324.409,58	124.757.884,13	3.566.525,45	8.386.022,04
CAPITULO 3	GASTOS FINANCIEROS	908.210,42	565.248,55	1.473.458,97	1.238.933,33	1.238.933,33	1.238.933,33	0,00	234.525,64
CAPITULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	35.256.966,26	3.328.175,57	38.585.141,83	36.901.046,61	36.715.696,10	35.878.321,63	837.374,47	1.869.445,73
CAPITULO 5	FONDO DE CONTINXENCIA	20.000,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
TOTAL OPERAC. CORRENTES		235.350.729,20	15.327.590,56	250.678.319,76	242.413.869,55	239.388.447,15	234.942.721,29	4.445.725,86	11.289.872,61
CAPITULO 6	INVERSIONS REAIS	6.817.853,53	84.501.171,74	91.319.025,27	66.747.461,51	47.203.315,77	44.947.252,72	2.256.063,05	44.115.709,50
CAPITULO 7	TRANSFERENC DE CAPITAL	3.252.487,75	6.906.089,67	10.158.577,42	6.639.625,28	1.978.387,72	1.260.656,80	717.730,92	8.180.189,70
CAPITULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	30.001,00	1.010.395,25	1.040.396,25	1.038.034,84	1.038.034,84	701.434,84	336.600,00	2.361,41
CAPITULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	8.178.330,52	0,00	8.178.330,52	8.178.330,52	8.178.330,52	8.178.330,52	0,00	0,00
TOTAL OPERAC. CAPITAL		18.278.672,80	92.417.656,66	110.696.329,46	82.603.452,15	58.398.068,85	55.087.674,88	3.310.393,97	52.298.260,61
TOTAL CAPITULOS		253.629.402,00	107.745.247,22	361.374.649,22	325.017.321,70	297.786.516,00	290.030.396,17	7.756.119,83	63.588.133,22



LIQUIDACION ORZAMENTO DE INGRESOS

ESTADO DE INGRESOS	PREVISION INICIAL	MODIFICACIONES	PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS	DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACION NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRO
CAPITULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS	104.646.191,00	0,00	104.646.191,00	106.063.299,55	4.854.275,78	269,10	101.208.754,67	94.165.408,28	7.043.346,39
CAPITULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	12.271.890,00	0,00	12.271.890,00	13.667.491,06	514.399,68	0,00	13.153.091,38	12.250.694,35	902.397,03
CAPITULO 3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	59.323.483,12	7.870.079,10	67.193.562,22	59.449.497,95	461.581,89	253,26	58.987.662,80	45.831.539,09	13.156.123,71
CAPITULO 4 TRANSFERENC. CORRENTES	84.237.796,69	9.406.119,66	93.643.916,35	102.225.368,64	6.811.531,77	0,00	95.413.836,87	89.519.284,12	5.894.552,75
CAPITULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS	8.222.382,32	3.965.519,40	12.187.901,72	10.422.659,62	0,00	0,00	10.422.659,62	10.055.192,51	367.467,11
TOTAL OPERAC. CORRENTES	268.701.743,13	21.241.718,16	289.943.461,29	291.828.316,82	12.641.789,12	522,36	279.186.005,34	251.822.118,35	27.363.886,99
CAPITULO 6 INVERSIONS REAIS	3.343.924,00	0,00	3.343.924,00	43.061,66	0,00	0,00	43.061,66	43.061,66	0,00
CAPITULO 7 TRANSFERENC. DE CAPITAL	16.636.684,65	25.494.683,39	42.131.368,04	29.633.948,76	19.381,06	0,00	29.614.567,70	29.614.567,70	0,00
CAPITULO 8 ACTIVOS FINANCIEROS	2,00	29.448.696,39	29.448.698,39	231.452,16	0,00	0,00	231.452,16	231.452,16	0,00
CAPITULO 9 PASIVOS FINANCIEROS	21.354.646,22	30.994.900,73	52.349.546,95	10.021.120,72	1.813.465,31	0,00	8.207.655,41	8.207.655,41	0,00
TOTAL OPERAC. CAPITAL	41.335.256,87	85.938.280,51	127.273.537,38	39.929.583,30	1.832.846,37	0,00	38.096.736,93	38.096.736,93	0,00
TOTAL CAPITULOS	310.037.000,00	107.179.998,67	417.216.998,67	331.757.900,12	14.474.635,49	522,36	317.282.742,27	289.918.855,28	27.363.886,99

2. LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.

OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	PRESCRIPCION	PAGOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO A 31 DE DECEMBRO
13.884.850,36	0,00	0,00	13.803.582,95	81.267,41

DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRO A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	COBROS	DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRO A 31 DE DECEMBRO
84.154.423,10	16,42	2.819.661,54	1.235.171,66	14.579.352,15	65.520.254,17

3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO.

RESULTADO ORZAMENTARIO - CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) operacións correntes	279.186.005,34	239.388.447,15		39.797.558,19
b) operacións de capital	29.657.629,36	49.181.703,49		-19.524.074,13
1. Total ops. Non financeiras (a+b)	308.843.634,70	288.570.150,64		20.273.484,06
c) activos financeiros	231.452,16	1.038.034,84		-806.582,68
d) pasivos financeiros	8.207.655,41	8.178.330,52		29.324,89
2. Total ops. Financeiras (c+d)	8.439.107,57	9.216.365,36		-777.257,79
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	317.282.742,27	297.786.516,00		19.496.226,27
AXUSTES				
3.- Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			2.063.885,99	
4.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio			29.167.546,22	
5.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio			37.888.607,78	
II. TOTAL AXUSTES (II = 3 + 4 - 5)			-6.657.175,57	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				12.839.050,70



4. REMANENTES DE CRÉDITO.

CAPITULO	REMANENTE NON COMPROMETIDO				REMANENTE COMPROMETIDO	TOTAL
	NON DISPOÑIBLE	DISPOÑIBLE	RETIDO	AUTORIZADO		
CAPITULO 1	0,00	778.696,29	0,00	0,00	1.182,91	779.879,20
CAPITULO 2	4.000,00	5.287.683,95	151.608,53	103.840,58	2.838.888,98	8.386.022,04
CAPITULO 3	0,00	234.525,64	0,00	0,00	0,00	234.525,64
CAPITULO 4	0,00	295.871,55	1.222.808,24	165.415,43	185.350,51	1.869.445,73
CAPITULO 5	0,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
CAPITULO 6	0,00	22.865.025,71	9.045,05	1.697.493,00	19.544.145,74	44.115.709,50
CAPITULO 7	0,00	1.502.223,73	2.016.728,41	0,00	4.661.237,56	8.180.189,70
CAPITULO 8	0,00	2.361,41	0,00	0,00	0,00	2.361,41
CAPITULO 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAIS	4.000,00	30.986.388,28	3.400.190,23	1.966.749,01	27.230.805,70	63.588.133,22

5. REMANENTE DE TESOURERÍA.

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA	EXERCICIO 2023	
1. (+) Fondos Líquidos		40.198.422,56
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		96.209.973,83
+ Orzamento Corrente	27.363.886,99	
+ Orzamentos Pechados	65.520.254,17	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	3.325.832,67	
3. (-) Obrigas pendentes de pagamento		20.776.168,82
+ Orzamento Corrente	7.756.119,83	
+ Orzamentos Pechados	81.267,41	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	12.938.781,58	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		1.913.120,97
- Cobros pendentes de aplicación definitiva	-361.595,17	
+ Pagamentos pendentes de aplicación definitiva	2.274.716,14	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)		117.545.348,54
II. Saldos de dubidoso cobro		66.095.905,97
III. Exceso de financiación afectada		45.213.264,81
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		6.236.177,76

2.- Dar conta ao Pleno e comunicar á Administración do Estado e á Xunta de Galicia da Liquidación do exercicio 2023, segundo o disposto no artigo 193.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

A Coruña, á data de sinatura electrónica deste documento.

A Alcaldesa

AYTO.CORUÑA


PRESUPUESTO DE INGRESOS 2024 ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2024 HASTA 4/9/2024 Pág. 1

Fecha Otenciór 24/09/2024 10:37:05

Clasificación CAPITULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPITULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Ingresos Realizados	Devoluciones de Ingresos	Recaudación Líquida	Pendiente de Cobro	Estado de Ejecución
1	Impuestos directos.	111.182.619,55		111.182.619,55	90.516.014,55	23.775.710,96	839.897,98	22.935.612,98	67.580.201,57	-20.666.605,00
2	Impuestos indirectos.	14.650.468,31		14.650.468,31	7.974.718,58	8.064.661,70	221.262,93	7.843.408,77	131.309,81	-6.675.749,73
3	Tasas, precios públicos y otros ingresos.	66.381.498,22	3.097.597,71	69.479.095,93	38.123.834,06	20.341.199,86	1.42.753,69	20.198.446,17	17.925.387,89	-31.355.261,87
4	Transferencia corrientes.	101.566.829,25	2.562.900,09	104.129.729,34	69.167.705,32	69.674.103,94	506.398,62	69.167.705,32		-34.662.024,02
5	Ingresos patrimoniales.	7.403.836,09		7.403.836,09	5.109.733,35	3.182.204,42		3.182.204,42	1.927.528,93	-2.294.102,74
6	Enajenación de inversiones reales.	5.419.066,58		5.419.066,58	23.760,12	23.760,12		23.760,12		-5.395.296,46
7	Transferencias de capital.	8.297.920,10	1.541.920,11	9.839.840,21	13.703.756,20	13.703.756,20		13.703.756,20		3.863.915,99
8	Activos financieros.	11.957.973,85	29.512.897,70	41.470.871,55	177.742,04	177.742,04		177.742,04		-41.293.129,51
9	Pasivos financieros.	48.619.591,55	18.694.217,86	67.313.809,41	12.943.374,18	13.461.251,81	507.877,63	12.943.374,18		-54.370.456,23
	Suma Total Ingresos.	375.479.793,50	55.409.533,47	430.889.326,97	237.740.638,40	152.394.391,05	2.218.180,85	150.176.210,20	87.564.428,20	-193.148.688,57

PRESUPUESTO DE GASTOS 2024

Clasificación CAPITULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPITULOS	Creditos Iniciales	Modificaciones	Creditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSONAL.	80.439.407,17	792.079,42	81.231.486,59	50.377.862,40	50.391.658,74	13.796,34	50.377.862,40	1.878.836,68	30.863.624,19
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS.	155.010.713,63	300.875,64	155.311.589,27	73.799.725,16	71.931.800,99	10.912,51	71.920.888,48	81.511.864,11	81.511.864,11
3	GASTOS FINANCIEROS.	2.750.255,47		2.750.255,47	809.540,05	809.540,45	0,40	809.540,05		1.940.715,42
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES.	33.943.840,27	8.865.119,63	42.808.959,90	33.711.091,84	33.641.471,84	380,00	33.641.091,84	70.000,00	9.097.868,06
5	FONDOS DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	20.000,00		20.000,00						20.000,00
6	INVERSIONES REALES.	75.274.632,30	39.491.047,71	114.765.680,01	12.349.780,65	11.636.839,98		11.636.839,98	712.940,67	102.415.899,36
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	18.079.696,88	5.809.408,14	23.889.104,97	582.180,90	582.180,90		582.180,90		23.306.924,07
8	ACTIVOS FINANCIEROS.	80.000,00	151.002,93	231.003,93	228.361,29	228.361,29		228.361,29		2.642,64
9	PASIVOS FINANCIEROS.	9.881.246,83		9.881.246,83	4.643.238,08	4.643.238,08		4.643.238,08		5.238.008,75
	Suma Total Gastos.	375.479.793,50	55.409.533,47	430.889.326,97	176.501.780,37	173.865.092,27	25.089,25	173.840.003,02	2.661.777,35	254.387.546,60
	Diferencia...			61.238.858,03	-21.470.701,22	2.193.091,60	-23.663.792,82	84.902.650,85	61.238.858,03	




Código para validación: 20XIP-HJVBP-V37X0

Mediante el código de verificación electrónico se puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Mediante el código de verificación electrónico se puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Concello da Coruña

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E18I00H3	
Código de verificación  5148 6T2G 6V3G 2G6F 13MG	Expediente 36E/2024/17	
	Fecha 03-09-2024	

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de setembro de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

Oficina Orzamentaria

Aprobación do proxecto de expediente M4/2024 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos, modificación do anexo de investimentos, modificación do anexo de subvencións nominativas e recoñecemento extraxudicial de obrigas do orzamento 2024

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

El concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, CERTIFICO:

Que la Junta de Gobierno Local en sesión ordinaria celebrada el día 4 de septiembre de 2024 adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

ECONOMÍA Y PLANIFICACION ESTRATÉGICA

Oficina Presupuestaria

Aprobación del proyecto de expediente M4/2024 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, bajas por anulación de créditos, modificación del anexo de inversiones, modificación del anexo de subvenciones nominativas y reconocimiento extrajudicial de obligaciones del presupuesto 2024

*Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:*



Concello da Coruña

1. Aprobar o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2024 (M4/2024), mediante concesión de seis créditos extraordinarios, por importe de dous millóns cento setenta e tres mil seiscentos noventa e oito euros con dezaioito céntimos (2.173.698,18€), tres suplementos de crédito por importe dun millón novecentos cincuenta e un mil cincocentos vinte euros con dezaseis céntimos (1.951.520,16€) e doce baixas de crédito por importe de tres millóns novecentos cincuenta e tres mil cento cincuenta e tres euros con sete céntimos (3.953.153,07€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M4/2024” que se incorpora ao expediente.

2. Aprobar o proxecto de modificación do estado de ingresos do orzamento 2024, incorporando cento setenta e dous mil sesenta e cinco euros con vinte e sete céntimos (172.065,27€) de remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2023, no subconcepto 870.00.

3. Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente das baixas por anulación de crédito por importe de tres millóns novecentos cincuenta e tres mil cento cincuenta e tres euros con sete céntimos (3.953.153,07€), e remanente de tesourería para gastos xerais por importe de cento setenta e dous mil sesenta e cinco euros con vinte e sete céntimos (172.065,27€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M4/2024. Financiamento”.

1. Aprobar el proyecto de expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2024 (M4/2024), mediante concesión de seis créditos extraordinarios, por importe de dos millones ciento setenta y tres mil seiscentos noventa y ocho euros con dieciocho céntimos (2.173.698,18€), tres suplementos de crédito por importe de un millón novecientos cincuenta y un mil quinientos veinte euros con dieciséis céntimos (1.951.520,16€) y doce bajas de crédito por importe de tres millones novecientos cincuenta y tres mil ciento cincuenta y tres euros con siete céntimos (3.953.153,07€). Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M4/2024” que se incorpora al expediente.

2. Aprobar el proyecto de modificación del estado de ingresos del presupuesto 2024, incorporando ciento setenta y dos mil sesenta y cinco euros con veintisiete céntimos (172.065,27€) de remanente líquido de Tesorería para gastos generales procedente de la liquidación del presupuesto de 2023, en el subconcepto 870.00.

3. Aprobar el proyecto de distribución de la financiación procedente de las bajas por anulación de crédito por importe de tres millones novecientos cincuenta y tres mil ciento cincuenta y tres euros con siete céntimos (3.953.153,07€), y remanente de tesorería para gastos generales por importe de ciento setenta y dos mil sesenta y cinco euros con veintisiete céntimos (172.065,27€). Todo ello reflejado en el listado “Expediente M4/2024. Financiación”.



Concello da Coruña

4. Aprobar o proxecto de Modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2024, derivada das modificacións orzamentarias que se tramitan neste expediente, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M4/2024. Modificacións do Anexo de Investimentos” e o financiamento nos casos nos que resulte modificada.

5. Aprobar o proxecto de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2024, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M4/2024. Modificacións do Anexo de Subvencións nominativas”.

6. O proxecto de expediente unha vez aprobado someterase a aprobación inicial polo Pleno municipal por maioría simple dos membros presentes co ditame previo da Comisión informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral.

7. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

4. Aprobar el proyecto de Modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2024, derivada de las modificaciones presupuestarias que se tramitan en este expediente, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M4/2024. Modificaciones del Anexo de Inversiones” y la financiación en los casos en los que resulte modificada.

5. Aprobar el proyecto de modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2024, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M4/2024. Modificaciones del Anexo de Subvenciones nominativas”.

6. El proyecto de expediente una vez aprobado se someterá a aprobación inicial por el Pleno municipal por mayoría simple de los miembros presentes con el dictamen previo de la Comisión informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General.

7. Facultar a la Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.



Concello da Coruña

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min a Oficial Maior, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargada das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local

José Manuel Lage Tuñas

Y para que así conste a los efectos oportunos, expido la presente certificación en A Coruña, en la fecha de firma electrónica del presente documento, que firma junto a mí la Oficial Mayor, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular del órgano de apoyo a la Junta de Gobierno Local y encargada de las funciones de fe pública según la disposición adicional 8ª de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, a reserva de los términos definitivos en los que quede redactado el acta.

Confrontado e conforme, a oficial maior

María Esther Álvarez Martínez



Expediente M4/2024

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA	TESOURERÍA	BAIXA POR ANULACIÓN	20.011 .31000	Intereses	-737.153,07			Baixa de crédito para financiar o modificativo. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo
			Total 20.011 .31000		-737.153,07			
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA	TESOURERÍA	BAIXA POR ANULACIÓN	20.011 .91300	Amortización préstamo M-L prazo entes fose s.público	-91.000,00			Baixa de crédito para financiar o modificativo. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo
			Total 20.011 .91300		-91.000,00			
MEDIO AMBIENTE	MEDIO AMBIENTE	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	31.1629.22794	Recoñecemento de crédito	1.576.848,08			Inexistencia de crédito para abonar as facturas de tratamento de residuos depositados na planta procedentes do Concello da Coruña, meses de setembro a novembro de 2023, de acordo co expediente de recoñecemento extraxudicial que se tramita conxuntamente
			Total 31.1629.22794		1.576.848,08			
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	INFRAESTRUTURAS	BAIXA POR ANULACIÓN	41.1539.21000	Reparación, mantemento e conservación Infraestruturas e bens	-2.000.000,00			Baixa de crédito para financiar o modificativo. Estímase reducible por non supoñer perturbación do



Concello da Coruña

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
								respectivo servizo
			Total 41.1539.21000		-2.000.000,00			
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MOBILIDADE	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	41.4411.48912	Subvención transporte colectivo urbano viaxeiros	1.631.520,16			Insuficiencia de crédito para facer fronte ao maior gasto da subvención ao transporte colectivo urbano de viaxeiros derivado dos descontos no prezo dos abonos do 50% sobre o prezo habitual prorrogado para o exercicio 2024
			Total 41.4411.48912		1.631.520,16			
CULTURA E TURISMO	CULTURA	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	50.334 .22694	Recoñecemento de crédito	140.058,71			Inexistencia de crédito para abonar a factura relacionada con Feira comercial WOMEX 2023, de acordo co expediente de recoñecemento extraxudicial que se tramita conxuntamente
			Total 50.334 .22694		140.058,71			
CULTURA E TURISMO	CULTURA	BAIXA POR ANULACIÓN	50.334 .63200	Investimento reposición edificios e outras construcións	-145.000,00			Baixa de crédito para financiar o modificativo, proxecto nº 218 do Anexo de Investimentos "Ampliación aforo Coliseum, modernización do recinto, plan



Concello da Coruña

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
								conservación recintos culturais e outros" financiado con recursos propios. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo
			Total 50.334 .63200		-145.000,00			
CULTURA E TURISMO	CULTURA	BAIXA POR ANULACIÓN	50.336 .62700	Proxectos complexos	-90.000,00			Baixa de crédito para financiar o modificativo, proxecto nº 224 do Anexo de Investimentos "Actuacións no Castro de Elviña e outros" financiado con recursos propios. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo
			Total 50.336 .62700		-90.000,00			
CULTURA E TURISMO	CULTURA	BAIXA POR ANULACIÓN	50.336 .63200	Investimento reposición edificios e outras construcións	-50.000,00			Baixa de crédito para financiar o modificativo, proxecto nº 225 do Anexo de Investimentos "Actuacións na instalación eléctrica e de fontanería do Castelo San Antón, pavimentación entrada Museo e outros" financiado con recursos propios. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo
			Total 50.336 .63200		-50.000,00			



Concello da Coruña

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
BENESTAR SOCIAL, PARTICIPACIÓN E IGUALDADE	SERVIZOS SOCIAIS	BAIXA POR ANULACIÓN	51.231 .48002	Renda social municipal	-600.000,00			Baixa de crédito para financiar o modificativo. Estímase reducible sen que supoña perturbación do respectivo servizo. No expediente consta informe da área de Benestar Social, Participación e Igualdade onde se detalla a xustificación desta baixa de crédito en base ás solicitudes atendidas nos trimestres anteriores e tendo en conta as solicitudes que teñen pendentes de resolver
			Total 51.231 .48002		-600.000,00			
BENESTAR SOCIAL, PARTICIPACIÓN E IGUALDADE	SERVIZOS SOCIAIS	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	51.231 .48033	Plan municipal para persoas con discapacidade	10.000,00			Insuficiencia de crédito para un novo convenio con Asociación Pro-Enfermos Mentales de A Coruña APEM para o proxecto de inserción sociolaboral de persoas con enfermidades mentais "Os cabaliños dos xardíns"
			Total 51.231 .48033		10.000,00			
DEPORTES	DEPORTES	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	52.341 .22794	Recoñecemento de crédito	206.245,83			Inexistencia de crédito para abonar varias facturas relacionadas cos eventos deportivos, de acordo co expediente de recoñecemento



Concello da Coruña

